



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Pedagogía da actividade física e do deporte	Código	620G01001	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Educación Física e Deportiva			
Coordinación	Gonzalez Valeiro, Miguel Angel	Correo electrónico	miguel.gonzalez.valeiro@udc.es	
Profesorado	Gonzalez Valeiro, Miguel Angel Toja Reboledo, Maria Belen	Correo electrónico	miguel.gonzalez.valeiro@udc.es belen.toja@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Bases conceptuais pedagóxicas. A educación como proceso de comunicación. Introducción aos principais elementos didácticos. Teorías críticas da educación. Introducción ao sistema educativo. Exercicio profesional como servizo e vocación educativa. Fundamentos curriculares para a programación da educación física escolar. O centro escolar, a educación física e a actividade deportiva e recreativa como lugar de educación de valores e fomento de estilos de vida activos e saudables.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Analizar criticamente todas as circunstancias e feitos que rodean á educación	A7 A8	B3 B4 B7 B11 B15 B18	C1 C3 C4 C7
Comprender as bases da educación e os principios da educación física e o deporte para a formación integral das persoas asumindo a importancia da escola como promotora de estilos de vida activos e saudables.	A4 A6	B15 B18	C1 C3 C4 C7
Comprender e aplicar os principios conductuales no contexto educativo, recreativo, da actividade física e a saúde e do adestramento deportivo	A7 A8 A13	B3 B11 B15	C1 C3 C4 C7
Abordar reflexivamente as reformas educativas e as súas implicacións no ámbito das actividades físico-deportivas.	A6 A8 A10	B14	C1 C3 C4 C7
Coñecer e comprender os fundamentos curriculares da educación física formal	A6 A8 A9 A10 A11	B3 B14 B15 B17	C1 C3 C4 C7



Desenvolver actitudes favorables cara á colaboración interdisciplinar, o traballo en equipo e ao respecto á diversidade	A4	B3 B4 B18	C1 C3 C4 C7
---	----	-----------------	----------------------

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Da Pedagogía a Pedagogía da actividade física e do deporte	<ul style="list-style-type: none"> -A educación, a Pedagogía e as Ciencias da Educación -A Pedagogía da actividade física e do deporte: Educación Física e Pedagogía Deportiva - Teorías críticas da educación e a súa incidencia na escola actua e no contexto da EF e o deporte (Ideoloxía, currículo oculto, perspectiva comunicativa)
Tema 2. A educación física de Calidade	<ul style="list-style-type: none"> - Educación Física de Calidade e perspectiva ecolóxica da Educación Física. - O centro educativo como eixe do fomento dos estilos de vida activos e saudables - Un/unha alumna ben educado fisicamente - Bo docente de Educación Física - Competencias docentes necesarias para unha Educación Física de Calidade
Tema 3. Condicionantes do proceso de ensino-aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> - Estilos de comunicación e estilos de ensino. - O/A profesor/a de Educación Física * O pensamento: Coñecemento profesional e preocupacións docentes * O comportamento: Destrezas docentes - O alumno/a ben educado/a fisicamente * O pensamento do/o alumno/a: Autoconceito, percepcións, motivación, atención e atribución causal * O comportamento do/o alumno/a: Aspectos cuantitativos (variables de contexto, programa e diferenzas individuais) e cualitativos (estilos de participación)
Tema 4.- Atención á diversidade e educación en valores na Educación Física e no deporte en idade escolar	<ul style="list-style-type: none"> - Principios de individualización e socialización -Integración e inclusión - Atención á diversidade individual e social na Educación Física - Aprendizaxe cooperativo - Educación en valores - Valores abordables desde a Educación Física e o deporte en idade escolar
Tema 5. A Educación física na escola na lexislación actual.	<ul style="list-style-type: none"> - Introducción aos elementos curriculares - Lexislación educativa - Proceso de concreción curricular: desde a lei á aula - Interdisciplinaridade e transversalidade

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A4 A9 A10 A13 B7 C1 C3	0	7	7
Portafolios do alumno	A4 A6 A7 A8 A9 A10 A11 B3 B4 B7 B11 B14 B15 B18 C1 C3 C4	18	30	48



Sesión maxistral	A4 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 B4 B7 B11 B14 B15 B17 B18 C4	20	20	40
Proba de ensaio	A4 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 B7 B14 B15 B17 C1 C3	5	26	31
Aprendizaxe colaborativa	A7 A8 A9 B4 B7 C1 C3 C7	7	14	21
Atención personalizada		3	0	3
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos legislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como sínteses de contidos de carácter teórico ou práctico.
Portafolios do alumno	<p>É un cartafol ou archivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo/a profesor/a o que permite visualizar o progreso do/a alumno/a. O portafolio ou cartafol inclúe todo o que fai o/a alumno/a, como: apuntamentos ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, probas escritas, autoevaluacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso, etc.</p> <p>Consta de:</p> <p>a. Material (traballado) de cada un dos temas. Trátase dos apuntamentos, esquemas, artigos, diapositivas, subliñados ou de elaboración propia, coas que cada estudante traballou o contido da materia. Pode estar en formato papel ou dixital, pero deberá optarse por un dos dous soportes.</p> <p>b. Actividades realizadas nas clases interactivas (presenciais) e nas non presenciais. Recollerá todas as realizadas durante o desenvolvemento dos temas, elaboradas en horario lectivo e as propostas polo profesorado para o desenvolvemento do tema, en horario non lectivo.</p> <p>Incluiranse neste apartado as actividades avaliadas, unha ou dúas por tema (individuais e/ou por parellas), que se realizarán ou revisarán durante as clases interactivas. Estas serán entregadas en data e hora establecida para a corrección definitiva.</p> <p>Débense refacer e incorporar no portafolio, tanto a orixinal como as súas correspondentes modificacións.</p> <p>c. Rúbricas/lista de control do portafolio de cada un dos temas ou de actividades (auto e coevaluación).</p> <p>(Este portafolios preferentemente realizarase en formato dixital)</p>
Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como Conferencia o método expositivo ou lección maxistral. Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p>



Proba de ensaio	Proba na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Utilízase para a avaliación diagnóstica, formativa e sumativa. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e o dos outros membros do grupo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Aprendizaxe colaborativa Proba de ensaio	<p>As actividades reflectidas son aquelas que demandan a asistencia do/a alumno/a ás titorías. Nesta materia contémpanse 3 tipos diferentes de titorías:</p> <ul style="list-style-type: none"> - En pequeno grupo: son aquelas previstas no horario da materia que poderán utilizarse para revisar actividades que teñan que ver co contido do portafolios. - Titorías individualizadas utilizando o moodle ou teams ou as horas de tutoría do profesorado. - Titorías persoais/grupales e o despacho do profesorado ou por teams. <p>O alumnado que cursou a materia en cursos anteriores e aquelas/es con matrícula a tempo parcial, deberá falar co profesorado para acordar os criterios de asistencia e avaliación para cada unha das oportunidades.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	A7 A8 A9 B4 B7 C1 C3 C7	As actividades evaluables, na súa maior parte son fruto dunha aprendizaxe colaborativo entre o alumnado.	40
Proba de ensaio	A4 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 B7 B14 B15 B17 C1 C3	<p>- Realizaranse tres probas, para a avaliación continua. E de non superar algunha pódese ir a unha proba final.</p> <p>1ª proba.- Temas 1, 2 e 3 (3 puntos)</p> <p>2ª proba.- Temasw 4 e 5 (2 puntos)</p> <p>Realización individual dunha unidade didáctica (1 punto)</p> <p>- Realizarase só unha proba final aqueles/as estudantes que non optan á avaliación continua.</p>	60

Observacións avaliación



*** O alumnado que cursase a materia en cursos anteriores, deberá dirixirse ao profesorado durante os primeiros 15 días do curso para valorar, en cada caso, o recoñecemento ou non da avaliación continua e por tanto a exención de asistencia e de realización das actividades contempladas nesta guía.

** O alumnado con matrícula a tempo parcial, deberá falar co profesorado para acordar os criterios de avaliación para cada unha das oportunidades. Se o estudante ten posibilidade de manter unha asistencia periódica dun mínimo do 50% poderá acollerse á avaliación continua entregando sempre en prazo as actividades evaluativas, realizando a UD e elaborando o portafolio.

* Os/as que non se atopen nesa situación especial, poderán elixir entre un sistema de avaliación formativa de carácter continua (auto, co e heteroevaluación) ou de avaliación final (heteroevaluación).

1. AVALIACIÓN FORMATIVA (CONTINUA)

Optar por este sistema de avaliación implica a asistencia polo menos ao 70% das clases presenciais; a elaboración do portafolio; a entrega de todas as actividades evaluativas e non evaluativas (en tempo e forma), a elaboración individual da unidade didáctica e as probas de ensaio programadas. En cada unha delas deberá obter, polo menos, o 50% da cualificación.

a. Portafolio.

Non ten valor numérico, pero a súa entrega será requisito imprescindible para optase a avaliación formativa (continua).

A realización do portafolio terá un seguimento por parte do profesorado ao finalizar cada mes, solicitarase aleatoriamente presentar o portafolio a un grupo de alumnas/vos.

Previo á realización da primeira proba de ensaio e da final, cada estudante presentará as rúbricas/listas de control de auto e coevaluación (de cada tema).

A non entrega destes documentos significará a perda da avaliación formativa (continua).

b. Actividades evaluativas.

Poden realizarse no horario de clase, en titorías grupais ou en horarios non presenciais.

Poderán ser correxidas no horario da tutoría grupal ou en horario de clase.

Realizaranse unha ou dúas actividades en cada tema cun valor total de 4 puntos.

A non entrega de TODAS as actividades evaluativas ou non alcanzar a metade da puntuación no sumatorio das actividades na primeira oportunidade implicará a perda da avaliación continua. A cualificación de cada

actividade será efectiva unha vez entregada a corrección individual da mesma

c. Proposta inicial/organizada dunha unidade didáctica.

Realízase na aula de forma individual ao finalizar o tema 5 e terá un valor de 1 punto.

A non realización implicará a perda da avaliación continua, senón se supera o 0,5 hai que repetila, en data e hora que establecerá o profesorado da materia.

d. Probas de ensaio

Realizaranse dúas probas

A primeira corresponderase cos temas 1, 2 e 3 e terá un valor de 3 puntos A segunda co 4 e 5, cun valor de 2 puntos

Cada proba esixirá unha cualificación do 50% para ser superada.

As preguntas presentaranse en castelán, poderase realizar en calquera dos dous idiomas oficiais da Universidade da Coruña. O que desexe as preguntas en galego deberá solicitalo ao profesorado, polo menos cunha semana de antelación á data de realización.

Aquelas/vos que non alcancen a nota mínima nestas dúas probas, deberán presentarse ao exame final (convocatoria oficial de exames). Para as oportunidades de xaneiro/xullo, se se supera a primeira proba, presentarase á segunda só cos temas 4 e 5 e se supera a segunda, á primeira cos temas 1, 2 e 3.

As preguntas da proba son de desenvolvemento, de aplicación do contido e especialmente de relación.

e. Atención personalizada

Toda a materia está estruturada en base a unha necesidade de comprensión, polo que aínda que esta metodoloxía non ten peso directo na avaliación, é moi recomendable contactar co profesorado todas as veces que sexa necesario para compartir, aclarar, preguntas

Pode realizarse a través de titorías grupais (en horario da propia materia recollido nos horarios oficiais) e en tutorías individuais presenciais ou por TEAMS (horario oficial de tutorías do profesorado)

Consideracións de face ao mantemento de cualificacións e/ou partes da materia no caso de cumprir todos os criterios da avaliación formativa (continua):

Ao que supere os apartados b, c e d, pero que suspenda a proba de ensaio final, gardaráselle esta parte da cualificación para futuras convocatorias.

Isto será igualmente de aplicación para o alumnado de cursos anteriores. Ao que supere só una das probas de ensaio, manteráselle a cualificación da superada para a oportunidade de xullo, pero non para futuras convocatorias.

Preséntase unha táboa resumen:

a. Portafolio 0 Entregar rúbrica ao final de cada tema b. Actividades evaluativas 4 puntos Na data establecida para cada unha ao longo de cuatrimestre c. Unidad Didáctica 1 punto Ao remate do tema 5 d. Proba ensaio temas 1, 2 e 3 Prueba ensayo temas 4 e 5 3 puntos Ao remate do tema 5

*** Valorarase a maiores da puntuación establecida no programa, a realización de cursos/seminarios relativos ao contido da materia ou a técnicas instrumentais de traballo (Bibliografía, bases de datos, técnicas de estudo, etc.). Poden realizarse, na Facultade, na UDC ou noutras entidades formativas, pero sempre dentro do curso académico 22-23

2. AVALIACIÓN FINAL

Optará a ela, o alumnado que perda o dereito á avaliación continua e aquel que así o desexe. Non elaborarán o portafolio, nin se presentarán ás probas parciais, pero estarán obrigados a cumprir a asistencia de al menos un 50% das sesións.

Realizarán a proba final na data marcada no calendario oficial de exames e para superar a materia deberán obter ou superar o 70% (7 sobre 10 puntos), tendo en conta que o alumnado de avaliación continua mostrou un compromiso coa materia.

A realización fraudulenta de probas ou actividades de avaliación, implicará directamente a cualificación de suspenso 0 na materia e na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida.



Fontes de información

<p>Bibliografía básica</p>	<p>Tema 1.- Material de lectura obligatoria:Blázquez, D. (2020). Descubre como es la educación física del siglo XXI. INDE, pp. 150-157. Flecha, R. y Puigbert, L. (2002). Las comunidades de aprendizaje: Una apuesta por la igualdad educativa. REXE: Revista de estudios y experiencias en educación, 1(1),pp.11-20 López Pastor, V. (coord.) (2002). Algunas reflexiones sobre educación física y pedagogía crítica. Retos, 2, pp.30-35 Vázquez, B. (2001): La Pedagogía de la Actividad Física y el Deporte. En B. Vázquez (coord.). Bases educativas de la actividad física y el deporte. Síntesis, pp. 25-46 Vázquez, B. (2001): El Currículum oculto y las nuevas orientaciones en el estudio del currículum en la EF. En B. Vázquez(coord.). Bases educativas de la actividad física y el deporte. Síntesis, pp. 277-287Tema 2.- Material de lectura obligatoria: Beneficios de una EFC https://www.youtube.com/watch?v=P9BJ9ExyfFU&feature=youtu.be Bull, F. C., Al-Ansari, S. S., Biddle, S., Borodulin, K., Buman, M. P., Cardon, G., Carty, C., Chaput, J.-P., Chastin, S., Chou, R., Dempsey, P. C., DiPietro, L., Ekelund, U., Firth, J., Friedenreich, C. M., Garcia, L., Gichu, M., Jago, R., Katzmarzyk, P. T., ? Willumsen, J. F. (2020). World Health Organization 2020 guidelines on physical activity and sedentary behaviour. British Journal of Sports Medicine, 54(24), 1451-1462. https://doi.org/10.1136/bjsports-2020-102955 Mayor, A., Cantero, P.; Fernández-Villarino, M.A., Toja, B. y González-Valeiro, M.A. (2016). Condições que deve cumprir uma escola para se converter em promotora de estilos de vida activos para os alunos. Gymnasium 1(2), p 1-12 Sánchez, A, Villaverde-Caramés, E., González-Valeiro, M.A. & Fernández-Villarino, M.A. (2021). Physical Literacy and teacher training: Pilot study. Education Sciences, 11(2), 42. https://doi.org/10.3390/educsci11020042 Villaverde-Caramés, E., Fernández-Villarino, M.A., Toja-Reboredo, B. & González-Valeiro, M.A. (2021): Revisión de la literatura sobre las características que definen a un buen docente de Educación Física: consideraciones desde la formación del profesorado. Retos, 41, 471-479. https://doi.org/10.47197/retos.v0i41.84421 UNESCO (2015). Educación Física de Calidad. http://unescoitrralee.com/wp-content/uploads/2017/11/QPE-for-policy-makers-Spanish.pdfTema 3.- Material de lectura obligatoria:García-González, L; Abós Catalán, A. y Sevil-Serrano, J. (2020). Acción docente en educación física y actividades físico-deportivas. Teoría basada en evidencias científicas. Prensas de la Universidad de ZaragozaTema 4.- Material de lectura obligatoria:Arufe, V. (2011). La educación en valores en el aula de EF. ¿Mito o realidad? EmásF, Revista Digital de Educación Física. Año 2, Num. 9 (marzo-abril 2011) https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3618413Blázquez, D. (2020). Descubre como es la educación física del siglo XXI. INDE, pp. 101-112. Fernández-Río, J. (2017) El Ciclo del Aprendizaje Cooperativo: una guía para implementar de manera efectiva el aprendizaje cooperativo en educación física. Retos, 32, 264-269 https://recyt.fecyt.es/index.php/retos/article/view/51298Pinheiro, V.; Camerino, O. y Sequeira, P. (2013) Recursos para potenciar el fair play en la iniciación deportiva. Retos, 24, pp. 97-99Sánchez Alcaráz, B., López, J., Valero Valenzuela, A. y Gómez-Marmol, A. (2017). Los programas de educación en valores a través de la Educación física y el deporte. Actividad física y deporte. Ciencia y profesión, Vol.28, pp. 45-58 Velázquez Callado (2015). Aprendizaje cooperativo en Educación Física: estado de la cuestión y propuesta de intervención. Retos, 28, pp.234-239Tema 5.- Material de lectura obligatoria:Gobierno de España (2020) Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. BOE.es - BOE-A-2020-17264 Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. Gobierno de España (2022) Real Decreto 217/2022, de 29 de marzo, por el que se establece la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Secundaria Obligatoria. Zapatero, J.; González, M.D. y Campos, A. (2017) Programar por competencias en EF. Tamdem didáctica de la EF, 57; pp 68-73</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Psicoloxía da actividade física e do deporte/620G01011

Socioloxía da actividade física e do deporte/620G01015

Proceso de ensino/aprendizaxe da actividade física e do deporte/620G01022

Planificación do proceso de ensino/aprendizaxe da actividade física e do deporte/620G01035

Prácticum/620G01040

Observacións

Pór en coñecemento do profesorado os posibles aspectos que impidan levar con normalidade o establecido nesta guía. Manter con regularidade tutorías co profesorado (presenciais ou on-line) para o seguimento da materia. Co fin de mellorar a materia e o sistema de garantía interna de calidade do noso centro, sería conveniente que o alumnado atendese á solicitude realizada pola UDC, con periodicidade cuadrimestral, respecto de participar no proceso de avaliación da materia e cuxa chamada realiza baixo o nome de "AVALIA" consistindo en responder os cuestionarios que avalían a docencia do profesorado.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías